

**A NOSA LITERATURA:  
Unha interpretación para hoxe**  
**I**

Ricardo Carballo Calero / Francisco  
Carballo / Xosé María Dobarro /  
Manuel Ferreiro / Carlos Paulo Mar-  
tínez Pereiro / Francisco Rodríguez /  
Pilar Vázquez Cuesta



Promove: A. C. da Coruña «ALEXANDRE BÓVEDA» (pertencente á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS CULTURAI S GALEGAS)

Edita: A. C. «ALEXANDRE BÓVEDA»

Deseño da Cuberta: CALROS SILVAR

ISBN: 84-404-2112-5

D.L.: C - 474 - 1988

Gráficas do Castro/Moret  
Sada, A Coruña 1988

IMPRESO EN GALIZA

# UNHA RUPTURA NA LITERATURA GALEGA: OS SÉCULOS ESCUROS.

MANUEL FERREIRO

## 1. INTRODUCCIÓN

Entre o esplendor do ciclo antigo da literatura galega e a esperanza despertada polo ciclo moderno que aínda estamos a vivir, aparecen os chamados «séculos escuros» da nosa historia literaria, fundamentais para comprender a evolución lingüística do idioma e os condicionamentos sufridos pola produción literaria recomezada no Rexurdimento.

O ciclo médio, pois, ten grande importancia desde o punto de vista lingüístico por ser neste período cando se producen no campo da fonética e da morfoloxía as profundas transformacións que alonxan o galego medieval do galego moderno e que, en definitiva, configuran a fasquia actual da lingua.

Así mesmo, son moi importantes estes séculos, para comprender a grave perda que sufriu o noso idioma no plano léxico. Estamos a falar dunha época, a da decadencia, na que o galego se ruralizou e se dialectalizou ficando reducido a unha lingua oral que non participa da vida administrativa, da burocracia, da vida eclesiástica e, nen sequer da vida literaria nen, por suposto, da investigación científica. E é xustamente nestes campos aos que acabamos de aludir onde aínda hoxe se aprécian as carencias léxicas máis importantes que, felizmente, se van resolvendo sen grandes dificultades.

A importancia deste período radica, finalmente, no feito de que, debido ao carácter rural e oral da lingua, a literatura galega non incorporou o Humanismo e o Renacemento, coas graves consecuencias que isto tivo. Pensemos, en primeiro lugar, que non se produciu esa renovación léxica

que a maioría das línguas románicas efectuaron ao voltaren ás fontes antigas, á literatura greco-latina; en segundo lugar, non aparecen gramáticas nen dicionários da nosa língua en contraste co que acontece, por exemplo, co español (Nebrija e outros) ou a portugués (Fernão de Oliveira, Duarte do Leão ou João de Barros). Unicamente temos unha miserábel —o adxectivo non é exaxerado— mostra: o vocabulário do Bacharel Olea, uns simples apontamentos sobre un pequeno número de palabras, que non nos indican nada especialmente importante sobre o galego do século XVI.

## 2. UNHA NOTA SOBRE A LITERATURA ORAL

Na visión que intentaremos dar acerca das producións literárias destes séculos, deixaremos aparte os restos da prosa tabeliónica medieval, que chega até o século XVI. Tampouco imos falar da literatura oral (popular, ou tradicional) aínda tendo en conta a grande importancia que neste período tivo.

Nun momento en que a língua era fundamentalmente oral, tamén, loxicamente, as manifestacións literárias tiñan na súa maioría o mesmo carácter.

Algunhas destas manifestacións foron recollidas por clásicos da literatura española (textos de Tirso de Molina en obras de ambientación galega, por exemplo), por algúns estudiosos galegos do século XVIII (coplas e refráns presentes nas obras do Padre Sarmiento e máis do Padre Sobreira) e, sobre todo, polos investigadores e eruditos dos séculos XIX e XX (Pérez Ballesteros, Carré Alvarellos, etc.).

Comprendía, basicamente, esta importantísima literatura oral, todo o relacionado co folclore do Nadal (panxoliñas, nadais, reises, etc.), romances, todo tipo de cantigas (de traballo, de berce, de cego, etc.), contos, lendas, refráns, adiviñas e, mesmo, formas dramáticas rudimentarias como as celebracións do Entroido (entre outras moitas).

Imo-nos centrar, pois, exclusivamente, nos textos literarios *escritos* que teñen chegado a nós desta época que vai de 1500 a 1800. Comezamos, pois.

## 3. RAZÓNS HISTÓRICAS E MOSTRAS LITERÁRIAS

Para entender a situación da língua e da literatura galega nestes trescentos anos, debemos remontar-nos á historia da Galiza anterior ao século XVI. Temos que procurar no final da Idade Média as raíces da deca-

déncia política, sócio-económica, cultural e literária característica da decadéncia.

Lembremos, antes de nada, a guerra civil que se desencadeou á morte do rei Afonso XI, a finais do século XIV, enfrontando a Pedro I o Xusticieiro e a Henrique de Trastámara. Grande parte da nobreza galega apoiou a Pedro I, e, ao vencer a causa da casa de Trastámara, a nobreza galega que apoiara ao Xusticieiro sofreu as conseqüentes represálias en forma de morte ou desterro. No seu lugar entrou unha aristocrácia estranxeira, formada fundamentalmente por nobres casteláns que viñan acompañados dos seus séquitos respectivos; ao mesmo tempo, comezan a aparecer elementos casteláns na xerarquia exlesiástica do país. Neste momento, por primeira vez na história da Galiza, entra no seu territorio un idioma que non é o galego.

Se a isto engadimos a desorganización das clases populares, produto do resultado final das Guerras Irmandiñas de fins do século XIV e principios do XV, comprenderemos as dificultades que o pobo galego tivo para se organizar e reaccionar posteriormente.

Pero, aínda, o feito máis importante que explicaría a decadéncia lingüístico-literária da Galiza dos séculos escuros teríamos que procurá-lo no período dos Reis Católicos.

O desenlace da loita pola sucesión no trono de Castela entablada entre Isabel a Católica e D. Xoana a Beltranexa —apoiada esta por parte da nobreza galega— condiciona a evolución posterior da Galiza. No momento en que os Reis Católicos comezan a gobernar, tamén comeza a «doma e castración do Reino de Galiza» como calificou o Padre Zurita o labor que os reis casteláns levaron a cabo.

Podemos facer un repaso das medidas que tomaron: en 1840 crian a *Santa Hermandad* que, na realidade, era un exército para defender o poder da monarquía castelá no noso territorio. Tanto este «exército» mantido polo pobo (cada 100 viciños tiñan que pagar 18.000 maravedís) como os reais, preocuparon-se ben de coutar a liberdade de expresión e mesmo de reunión: no ano 1493 prohibiu-se que nas bodas, enterros, etc., se reunisen máis persoas que os parentes dentro do terceiro grao, e que come-sen xuntas máis dun día.

Por outra banda, no campo da burocrácia e da administración, os Reis Católicos colocaron nos principais cargos a xentes non galegas. Consegüiron, ademais, que o Papa Inocéncio III anulase a autonomía dos nosos mosteiros (importantes centros culturais na época) concedendo o dereito de visita sobre eles aos bispos de Avila, Córdoba, León e Segóvia.

Canto á lingua, unha vez máis os reis mostraron a súa intelixéncia ao

non imporen o castelán polas armas, mais si preocupando-se de que apartir de 1480 os escribáns públicos do Reino fosen examinados polo Consello do Rei para poderen exercer como tais.

A nobreza —clase dirixente na Idade Média— tamén sufriu as consecuencias da «doma» vendo progresivamente anulado o seu poder. Ficou prohibida a reconstrución das fortalezas e dos castelos ao tempo que os reis fixeron todo o posíbel por instalá-los na corte ou enviá-los para a guerra de Granada, esmagando todo tipo de resistencia aínda que non fose violenta. Pode-se citar o caso do conde de Altamira, que, moi groso e cun brazo tolleito, que lle impedía ir á guerra, foi desterrado dos seus domínios por ter dito «ir-se han os hóspedes e nós comeremos o galo» a un abade amigo, durante a visita que os Reis Católicos fixeron á Galiza en 1486.

O caso do Mariscal Pedro Pardo de Cela por divulgado non deixa de ser o máis exemplar: xuntamente co seu fillo, foi degolado en Mondoñedo no ano 1483 a causa da súa resistencia ao poder real.

Mais esta nobreza galega, duramente reprimida polos reis, tampouco tivera compaixón na represión dos irmandiños despois da guerra. Podemos lembrar como anécdota a frase «inchen-se de vasalos os carballos» que Pardo de Cela dicía ao Conde de Lemos, ao que este respondía que de carballos non se alimentaba. Mais apesar da cruel represión que os nobres galegos exerceron sobre o pobo, este viu en Pardo de Cela o símbolo a liberdade política da Galiza (1).

Relacionado coa mitificación da figura do Mariscal, encontramos o primeiro texto poético do galego médio: un conxunto de 32 versos que aparecen a continuación dunha «Relazón da carta xecutória», en prosa, introducida no *Memorial... de la Casa de Saavedra* (1674). Estes versos son mostra, segundo proba o estudioso Xosé M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, de dúas pezas diferentes; dezaseis versos serían parte dun pranto pola morte de Pardo de Cela, o «Cantar do Mariscal» e os outros constituirían un mínimo fragmento dun «Romance de Pardo de Cela» que constaría de 400 ou 500 versos. Nunha variante da «Relazón» encontramos prosificado parte deste romance.

A característica máis importante destes versos é a presenza de estranhas formas léxicas, ao lado dun ar xogralesco: o investigador antes citado

---

(1) Ao longo da nosa historia literaria, numerosos autores abordaron este asunto coa perspectiva popular (Noriega, Leiras, Cabanillas, etc.). E continua. Temos un exemplo recentísimo no poema «Preito mítico ao Mariscal Dom Pedro Pardo de Cela» de Ernesto Guerra da Cal, *A Nosa Terra*, n.º 185, 1982.

supón que serían cantados por xograis, pouco despois da morte do Mariscal, seguindo os costumes habituais na Idade Média.

Despois dos Reis Católicos, o Reino de Galiza fica convertido nunha lonxana provincia na que o panorama social e cultural cada vez se apresenta máis abafante. A fame é xeral, acadando o seu punto máis alto nos anos 1567, 1574, 1597 e 1618 —observemos a proximidade das datas—; as pestes son habituais, a emigración xa comeza nestes anos, e a Galiza padece guerras nas que nada lle vai. Neste sentido é importante a intervención de tropas galegas na represión dos portugueses durante a anexión de Portugal por Felipe II e, sobretudo, a intervención de galegos na Guerra da Independencia portuguesa; do estado do país ao final desta guerra, di-nos Lucas Labrada na súa *Descripción económica del Reino de Galicia*:

«Desde o ano 1640, en que empezou a guerra con Portugal, serviron nela ao mesmo tempo pais e fillos, e consumiron-se as vidas de máis de 200.000 homes; tamén mantiveron 2.000 cabalos, con todas as forraxes de palla e herba, conducindo-os cos seus carros e bois, e así mesmo toda a artillaría e demais pertrechos, vituallas e leña necesaria ao seu custo. Deron arredor de 10.000 peóns continuamente, con armas e vestidos, facendo-se entre eles mesmos grande número de reemprazos por mortos e desertores. Aturaron tránsitos, levas, bagaxes e carruaxes, traballando día e noite, cheos de frío e de fame; ocorreu mil veces ter alguén un soldado aloxado na casa e, deixando-o nela coa muller e as fillas, ser obrigado a saír ao Real Servicio. En moitas ocasións empregaba-se nel a familia inteira; ficando mortos polos camiños, oprimitos, cargados e perseguidos por soldados e ministros; durante isto sen intermisión desde o referido ano até 1668, no que se axustou a paz con Portugal» (2).

Por outra parte, o pobo tiña que pagar os impostor para soste, entre outras cousas, unha nobreza absentista que xa en parte non é galega pola substitución producida a fins da Idade Média. Esta nobreza «galega» está na Corte de Castela, absolutamente asimilada, servindo ao poder espa-

---

(2) Citado por Francisco Carballo, «A Idade Moderna» in *Historia de Galicia*, Frente Cultural da A. N. P. G., Pontevedra 1979, p. 102.

ñol e cumprindo funcións importantes como vice-reis nas Índias e Europa, embaixadores, gobernadores, etc.

As costas galegas, ademais, eran frecuentemente atacadas por piratas: Drake ataca Vigo en 1585, Coruña en 1589; os holandeses veñen en 1599 e os turcos e máis os berberiscos atacan desde 1617 a 1624.

Destes anos, xustamente, data a composición «Saqueo de Cangas polos turcos», un poema fragmentario que combina elementos populares e cultos. Supón-se que foi composto inmediatamente despois do ataque dos turcos por un autor que mostra o terror da poboazón diante do ataque («Quen fora galgo, / quen fora vento!», di o estribillo do poema). Os versos pares repeten obsesivamente «lonxe, lonxe, lonxe» e parecen ser —segundo afirma tamén Álvarez Blázquez— obra dun segundo autor máis culto.

Se seguimos avanzando nesta rápida visión de Galiza na época, é importante salientar, con respecto ao mundo eclesiástico, que as xerarquias son sempre estranxeiras ou, senón, castelanizadas. Os bispos eran sistematicamente elexidos pola súa procedencia non galega ou polo seu fervor absolutista. Recordemos que de 1500 a 1830 na diocese de Lugo só houbo dous bispos galegos, na de Ourense cinco, cinco na de Santiago, un na de Tui e dous na de Mondoñedo.

Tendo en conta esta situación de crecente desgaleguización, está xustifico o que di Emílio Duro, no seu estudo sobre o mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil, sobre a incomunicación entre igrexa e pobo:

«Que simbiose afectiva podía dar-se entre estes abades e monxes castellanos e a masa rural de foreiros, vasaos e fregueses galegos? Que iniciativa de promoción humana do pobo podía surxir, se a pechazón da época e a rutina eclesial o permitisen, desa incomunicación espiritual permanente? Así se explica que a lingua desaparecese tanto dos escritos administrativos como literarios, da burocracia, de boa parte do mercado e aínda da predicación» (3).

Non obstante, encontramos algunha composición debida á pena de autores procedentes do mundo eclesiástico. Son importantes neste capítulo as famosas «Décimas ao Apóstolo Santiago», compostas en 1617, por Martín Torrado a causa dunha polémica moi famosa no seu momen-

---

(3) Citado por Francisco Carballo. *op. cit.*, pp. 117-118.



to, que se plantexou polo intento de declarar co-patrona de España a Santa Teresa ao lado do Apóstolo. Martin Torrado manifesta a súa indignación («Eu, meu santo, oin agora / ó crego desta maneira: / que vos dan por compañeira / unha santa gran doutora. / Valla-me Nosa Señora!...») nunha peza na que domina o ton satírico e coloquial, despois da conseguida invocación inicial:

«Santo da barba dourada,  
vello honrado, meu patrón,  
raio, fillo do trebón,  
capitán da roxa espada,  
señor da cruz colorada,  
valente, forte guerreiro,  
a quen todo o mundo enteiro,  
polo mar e pola terra,  
chama na paz e na guerra  
Santiago o Cabaleiro...».

Tendo en conta a situación que lles acabamos de describer, cunhas clases dominantes —que son ao mesmo tempos as cultas— absolutamente españolizadas e ao servizo do español, é doado comprender o feito ao que facíamos referencia ao comezo: a ausencia dun Humanismo galego. Pero isto non é obstáculo para que atopemos no século XVI e principios do XVII tres importantes sonetos que acusan unha forte influencia renacentista.

O primeiro é o chamado «Soneto de Monterrei» escrito ao redor de 1530, que foi atribuído, incrivelmente, a Camões apesar da incompatibilidade cronolóxica. O soneto ofrece-nos o típico diálogo entre a arquetípica pastora, Violante, e un cabaleiro que lle declara o seu amor. A influencia do Renacemento é grande neste texto que presenta dificultades de interpretación.

Os outros dous sonetos aparecen no libro *Relación de las Exequias...* (1612). Recolle composicións —as máis en castelán e latín— de moi diversos autores, escritas por mor da morte da raíña de España, D. Margarita de Austria. Máis importante que o «Soneto con falda» de Gómez Tonel, cheo de paralelismo e contrastes de influencia barroca, é o «Respice finem» de Vázquez de Neira que constituiu un laio polo falecemento da raíña ao tempo que increpa á Morte e lamenta a fugacidade da vida, conseguindo un derradeiro verso que é destacado por formar parte dunha longa tradición literaria que empeza no *Eclesiastês* e chega a Cabanillas. O soneto é, sen dúbida, un dos mellores poemas dos séculos escuros:

«Morte cruel, esa tredora maña  
 de roubar de non cato a humana vida,  
 con que ollos a podeche ver comprida  
 na Santa Reina que hoxe perde España?  
 Se aquel rancor que te carcome e laña  
 che tiña a mao para matar erguida,  
 non deras noutra parte esa ferida  
 donde non fora a lástima tamaña?  
 Non se torcera aquel fatal costume  
 i a lei que iguala do morrer na sorte  
 os altos reis cos baixos labradores?  
 Terribel, enfin, é teu poder, oh Morte!,  
 pois diante de ti reis e señores  
 son néboa, sombra, pó, son vento e fume».

Da mesma maneira que as clases dirixentes se caracterizan polo seu carácter anti-galego, a Universidade nunca cumpriu un papel importante na recuperación do galego, posto que no século XIX o español substituíu ao latín como lingua académica. Desde 1536 celebrában-se nela as chamadas «Festas Minervais», convocadas para louvar a figura de D. Alonso de Fonseca que fora o seu fundador. Mercé a estas festas —das que samente conservamos as composicións apresentadas nos anos 1697 a 1713—, dispomos hoxe de nove romances galegos que foron presentados ao concurso e recollidos no libro de *Fiestas minervales y aclamación perpetua de las Musas...* (1697).

Os romances constitúen a única mostra da poesía barroca que temos en Galiza; son exemplos de poesía laudatória sen grande valor literario, abundantes en referencias á literatura greco-latina e á mitoloxía clásica misturadas con frecuentes xogos de palabras.

Chegamos agora —neste rápido percorrido pola situación da Galiza nos séculos XVI e XVII— a un feito importantísimo que pode axudar a comprender as razóns da decadencia lingüístico-literaria durante os séculos escuros: o desprezo xeneralizado que existía na Península contra a Galiza, contra o galego e, en definitiva, contra os galegos.

As únicas razóns que poden explicar isto serían a pobreza e miséria da Galiza, por un lado, e o carácter antigalego das clases dirixentes do país, polo outro. O certo é que nestes séculos temos abundantísima literatura anti-galega de procedencia española. Non só os refráns («¿Rogaste a gallegos? Ya no puedes venir a menos», «No fies en perro que cojea ni en amor de gallega», etc.) senón tamén textos literarios son moi frecuentes nesta época.

Vexamos somente dous exemplos:

«Erízame el cabelo el pensamento  
de nombrar al gallego riguroso;  
lobo de apodo que es y fraudulento,  
y que continuo es cruel y sanguinoso.  
En holgar y robar tiene contento,  
holgazán, fementido y muy goloso;  
haragán, como el lobo carnicero,  
y lo que de él siento no refiero...».

(Bartolomé de Villalba, 1577)

«Soberano Señor, que permitiste  
que los gallegos te llamasen Padre,  
pues por ellos y el Meco tu compadre  
a tan ruín parentesco expusiste,  
de tu piedad alarde tanto hiciste  
que fue sin exemplar para que cuadre  
que, quizás por los ruegos de tu Madre,  
los escuchaste y no los confundiste.  
Mas ya que por tus juicios soberanos  
tan misericordiosos como hijos

.....  
dispón, Señor, con términos prolijos,  
sin que ellos puedan ser nuestros hermanos,  
que a los demás nos tengas por tus hijos».

(Anónimo, «Soneto contra los gallegos»)

Contodo, atopamos un sorprendente fenómeno: a extraordinária expansión que o vilancico de Nadal conseguiu en toda a Península. Xa non só en Galiza, cuxos centros fundamentais de elaboración era Mondoñedo e Santiago, senón tamén en Portugal (Coimbra, Vilaviçosa, Lisboa, etc.) e en cidades como Valladolid, Toledo, Madrid, Jerez de la Fronteira, Sevilla, etc., cantaban-se a cotío, durante os séculos XVI, XVII e XVIII, vilancicos de Nadal en galego.

Estes vilancicos, moi semellantes aos cantados actualmente no folclore popular, son pezas sinxelas, aínda que, ás veces, chegaban a constituir pequenos esbozos dramáticos; presentan bastantes elementos líricos ao tempo que combinan elementos populares con elementos cultos de procedéncia eclesiástica; ofrecen formas bastante arcaicas de versificación cunha especial insisténcia no paralelismo.

Pero a característica mais destacábel que presentan é a lingua empregada. Nos vilancicos de autor galego —a maioría— mostran unha mistura lingüística entre galego e castelán nuns casos, ou entre galego e formas portuguesas noutro; nos dous casos, una especie de crioulo literário do mesmo carácter que o empregado nos textos da escola galego-castelá. Na realidade, son pouco aproveitábeis para reconstruír, mesmo dun xeito aproximado, o estado da lingua durante estes séculos.

Outra característica importante dos vilancicos é a galeguización da escena do Nadal: o Neno nace nun Belén de Galiza, «é de Galicia», nace «antre as espigas que comen os galegos» e é o «rei de Galicia»; «Deus é galego porque se chama Manuel», «como un oiro se adormece basta-lle ser galeguiño de Ourense» (sic) xa «que tanto vai de galileo a galego». «Veu salvar aos galegos», e a sua Mai, «fermosa galega», é «de Compostela» e «sen zapatos viene de Compostela».

Podemo-nos perguntar polas razóns que explican a expansión deste xénero. Até agora as hipóteses apresentadas dificilmente aclaran o fenómeno: que se relacione á Galiza, terra moi pobre de ambiente pastoril e costumes arcaizantes, co ambiente que rodeou o nacemento de Cristo, na pobreza e rodeado de pastores, non parece suficiente. Mais se a isto lle sumamos a tradición criada pola expansión da lírica trovadoresca medieval e, sobretudo, que parte dos mestres de capela das catedrais peninsulares eran galegos — cousa que se comproba nas listas de nomes conservadas (4) — e ademais que estes mestres tiñan a obriga de compor vilancicos polo menos en dúas ocasións a ano, o problema parecería aclarar-se algo máis. De todos os xeitos, a investigación sobre este capítulo da nosa literatura está aínda incompleta e sería preciso, mesmo imprescindíbel, un estudo sistemático de arquivos de catedrais e institucións semellantes.

Cando chega o século XVIII, o século no que comezan os intentos de industrialización, o século da ilustración e da renovación do pensamento, a situación que teñen diante de si os ilustrados galegos (Xoán de Castro, Pedro Antón Sánchez, Lucas Labrada, e tantos outros) continua a ser deprimente.

A emigración agudiza-se e a fame mantén-se no país (1710 foi un ano catastrófico). Seguimos sofrendo guerras alleas (a de Sucesión) que conlevan novos ataques ás costas galegas. É conveniente lembrarmos

---

(4) Cfr. Santiago Kastner, «La música en la catedral de Badajoz (años 1601 a 1700)» e tamén José M.<sup>a</sup> Álvarez Pérez, «La polifonía sagrada y sus maestros en la catedral de León durante el siglo XVII, *Anuario Musical*, vol. XV, 1960.

aqui o ataque da frota inglesa a Vigo que é o tema do «Llanto de la flota por una ninfa gallega», pequeno poema dun irmán do Padre Feixó, Anselmo.

A situación cultural da nosa nación durante o século XVIII, podemos-la supor tendo en conta que en 1635 sabían ler e escribir o 28 % da poboación dunha cidade como Santiago, mentres que nunha vila média do tipo de Noia, a percentaxe de alfabetizados era do 10 %, e no campo o alfabetismo sería total.

Se a isto lle engadimos os datos proporcionados por Lucas Labrada sobre a escolarización da poboación no ano 1797, a visión fica máis completa:

	Centros	Profesores	Alunos
Universidades	1	29	1.262
Académias	19	36	855
Coléxios	8	23	113
Escolas primárias	561	567	14.533
Escolas de nenas	89	94	1.699

Por outra banda, chega o momento en que xa as leis explicitan con clareza a unidade española e, conseguintemente, a subordinación da Galiza. Así, Felipe V no *Decreto de Nueva Planta* (1707) declara:

«He juzgado por conveniente... reducir todos mis reynos de España a la uniformidad de unas mismas leyes, usos, costumbres y tribunales, gobernándose igualmente todos por las leyes de Castilla».

Este mesmo decreto, centrando-se na cuestión do ensino, proíbe expresamente o uso de outra língua que non sexa o español:

«...en las escuelas de primeras letras y de gramática no se permita libros en lengua catalana, escribir ni hablar en ella dentro de as escuelas i que la Doctrina cristiana sea y que la aprendan en Castellano».

E confirma esta situación a *Real Cédula de Aranjuez* (1768) de Carlos III cando establece que

«la enseñanza de primeras letras, Latinidad y Retórica se haga en lengua castellana, generalmente, donde quiera que se practique, cuidando de su cumplimiento las

audiencias e justicias respectivas, recomendándose tam-  
bién por el mi consêjo a los Diocesanos, Universidades y  
superiores regulares para su exacta observancia, y diligen-  
cia en extender el idioma general de la nación para su  
mayor harmonía y enlace recíproco».

Asi pois, a nivel legal confirma-se unha situación que ven  
agravando-se desde os finais da Idade Média. Mais precisamente agora  
xurde unha xerazón renovadora do pensamento que inícia un labor de  
reivindicación contra os prexuízos acumulados sobre a Galiza. Estes ho-  
mes organizan-se en torno de diversas institucións como as Sociedades  
Económicas de Amigos do País (Lugo e Santiago), e Académica de Agri-  
cultura do Reino de Galiza, etc.

Aínda que o Padre Feixó non contribuíu ao desenvolvemento das le-  
tras galegas, si o fixeron, pola contra, dous irmáns seus. Tanto Anselmo  
(do que xa falamos antes) como Plácido, son autores dunhas décimas  
que glosan unha quintilla («El acaso de este día / y el ver los Reyes a pie  
/ es sagrada sympatía / y en España antigua fee / y cathólica porfía»)  
proposta como motivo dun concurso convocado para louvar un «magno»  
acontecimento: os reis, estando de paseo, cederon a súa carroza a un sa-  
cerdote que, a pé, levaba o Viático a unha muller enferma.

Destacaríamos nestas dúas composicións laudatórias unha constata-  
ción máis sociolóxica que literaria: un certo aprezo familiar, aínda que  
residual, aparece presente no seguinte fragmento de Anselmo Feixó:

«Escoiten, que falo eu  
na miña léngua galega,  
que, anque teño a musa lega  
e pra copras non naceu,  
unha nai que me pareu  
i outra vella miña tia  
deron comigo a porfía  
sobre o galego falar,  
a nil me mandan glosar  
«el acaso de este día».

O home que defendeu radicalmente a nosa terra contra a situación  
de humillación, abafamento e calúnia que envolvía todo o relacionado  
con Galiza é Diego Antón de Cernadas e Castro, coñecido como o Cu-  
ra de Fruíme.

A apaixonada defensa de Galiza leva-o a combater todo tipo de escri-

tos aldraxantes que abundan nas obra españolas da época. Todo encontra contestación da pluma do Cura de Fruíme. Sirvan como mostra dous exemplos en liñas diferentes.

Primeiro, o inxénio:

### Descripción del Reyno de Galicia

#### Soneto

Pálido sol en Cielo encapotado,  
mozas rollizas de altos coliseos,  
tetas de vacas, piernas de correos,  
suelo nunca barrido, ni regado:  
campo de abrojos, todo matizado,  
berzas gigantes, pulgas filisteos,  
nabos de el Cayro, búcaros pigmeos,  
trage tosco, y estilo mal limado;  
montes que llegan a la ardiente esfera,  
papas de millo en concas de madera,  
natas acedas, buches de pescados,  
pan de Guinea, techos ahumados,  
candelas de resina con tericia,  
este es, hermano, el Reyno de Galicia.

NOTA: El que hizo esta descripción miraba a Galicia con ojos pitarrosos o ensangrentados. Debía venir caminando por este Reyno sin alforja, y en algún día de mucha lluvia; y cogiéndole la noche en alguna mala posada, desafogó su rabia en dar a Galicia estas cuchillada por la capa, sin advertir que debaxo de la que parece mala, hay un buen bebedor: por lo que se le pone al frente en términos claros e innegables la

Descripción de Galicia, mirada con ojos limpios y sanos

#### Sonetos

Día y noche, como hay en toda España,  
damas hermosas, cultas y pulidas,  
pechos cubiertos, piernas escondidas,  
casas grandes sin polvo y telaraña:  
muchos valles de plácida campaña,  
rico jamón, terneras escogidas,  
tiernos capones, pollas bien lucidas,  
finas telas y trato sin maraña;

montes hay, pero todos provechosos,  
el trigo de otros Reynos no codicia,  
abundancia de vinos generosos;  
de río y mar pescados que es delicia,  
de el Rey vasallos fieles y officiosos;  
este es, hermano, el Reyno de Galicia».

Agora, a violéncia:

«Cierta castellano empleado en Galicia hace la descripción siguiente del Reyno y sus gentes:

Reyno infeliz, país desventurado,  
de España muladar, rincón del mundo,  
áspero, rudo clima, temple ayrado,  
infiel, bárbaro trato, sitio inundo,  
gente sin sociedad, campo infecundo.  
En el nombre de Dios Santo y Eterno,  
con quanta fuerza tiene el exorcismo,  
te conjuro y apremio, triste Averno,  
para que me declares por ti mismo,  
si eres en realidad el propio Infierno,  
o si eres retrato del abismo.

El primero de los pies, tan disformes como sucios, con que este castellano presume hollar a Galicia, es el siguiente:

Reyno infeliz, país desventurado.

Tírasele con él esta coz gallega:

Soneto

Es hermosa mi huerta y fértil, pero  
viene la oruga, cómela y la afea;  
por bien abastecido que lo vea,  
viene el ratón y estrágame el granero;  
muy poblada mi viña considero,  
viene el marrano vil y la estropea;  
gallinas y sustancia hay en mi Aldea,  
viene y la rapa el zorro trapacero.  
Oruga el asturiano en su codicia,  
ratón el Castellano desdichado,



marrano el Andaluz en su inmundicia;  
y zorro el Montañés disimulado.  
Estos la comen y hacen a Galicia  
Reyno infeliz, país desventurado».

Porén, somente os condicionamentos históricos e o contexto socio-cultural nos poden explicar o feito de que na súa ampla obra (sete volumes) unicamente encontremos quince composicións en galego.

Nelas mostra-se o seu característico inxénio ao lado cunha clara influencia do gongorismo que se resolve frecuentemente nun gosto polos xogos de palabras.

Se Cernadas é o permanente defensor da Galiza, o Padre Sarmiento supón a reivindicación total e absoluta do galego.

Os escritos deste freire beneditino, xuntamente cos do Padre Sobreira (5) son os que nos permiten actualmente coñecer con bastante fidelidade a lingua dezaoitésca.

O Padre Martin Sarmiento é un erudito que nos sorprende cos seus coñecimentos en campos tan desemeallantes como a arqueoloxía, a filoloxía, paleografía, etimoloxía, agricultura, pedagogía, botánica, etc., e, ao mesmo tempo, un precursor da filoloxía románica, sobre todo, nas súas tres grandes obras: *Colección de voces y frases gallegas*, *Catálogo de voces y frases gallegas e*, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*.

Este home, figura central no século XVII galego, aborda a reivindicación do idioma tendo moi presente o proceso de introdución do español en Galiza:

«No pocas veces he pensado en cuál ha sido la causa de que en Galicia se haya introducido el uso o abuso de escribir en castellano lo que antes se escribía en latín o en gallego. No hay género de escritura, testamento, donación, venta, contrato, foro, arriendo, compra, trueque, partijas, etc., que yo no haya visto y leído en Galicia o en latín o en gallego y sé que se pueden cargar carros de estos instrumentos que se conservan en Galicia. No habiendo pues precedido ni concilio ni cortes, ni consentimiento uniforme de los gallegos para actuar, otorgar, comerciar en lengua castellana, ¿quién lo introdujo? La respuesta

---

(5) *Idea de un diccionario de la lengua gallega, Ensayo para la historia general botánica de Galicia e Papeletas para un diccionario gallego.*

está tan patente que Galicia llora y llorará siempre; no los gallegos, sino los no gallegos que a los principios del siglo XVI inundaron el reino de Galicia, no para cultivar sus tierras, sino para hacerse carne y sangre de las mejores y para cargar con los más pingües beneficios así eclesiásticos como civiles. Esos han sido los que por no saber la lengua gallega ni por palabra ni por escrita, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano para los que no saben sino el gallego puro. Esta monstruosidad es más visible en los empleos eclesiásticos».

Mais tamén ten moi claras as causas sócio-económicas do asoballamento: a Galiza é a terra máis poboada de España, a que máis tributa en homes e impostos e a que menos recibe dos seus reis e gobernantes; é terra, en definitiva, de colonización como América («quieren que Galicia sea País de Indias») e todos os postos importantes da administración e da igrexa dan-se conscientemente a casteláns, cando estes desprecian sistematicamente á llingua e aos galegos. Se isto non muda non se consegue nada, pensa o noso autor.

Con relación á situación social do galego non dubida en chamar «apóstatas da llingua» aos galegos que a abandonan, e fala de despertar aos seus compatriotas do profundo sono en que están sumidos con respecto ao seu idioma.

Pero o seu pensamento vai aínda máis alá. Reivindica algo polo que aínda hoxe voltamos: o ensino en galego. Eis unha mostra do seu pensamento:

«Y siendo el latín lengua anticuada para los gallegos, es más necesario que ya que no la maman, la estudien. Y es bárbara crueldad y necesidad excusada que unos forasteros enseñen a los niños gallegos mediante la lengua castellanas, que no saben, la lengua anticuada que no deben saber, y castigándoles si se les escapa alguna voz o frase gallega de las que han mamado.

Todo maestro de Gramática que no fuera gallego y erudito en su lengua patria, se debe excluir de ser maestro de niños gallegos, aunque sea un Cicerón o un Quintiliano».

Pero unha vez máis —lembramos o caso do Cura de Fruíme— na súa inmensa obra samente achamos unha mínima parte escrita no noso idio-

ma. O «Coloquio de los 24 rústicos» é un conxunto de 1.201 coplas de versos hexasílabos, compostos en forma de diálogo, cuns propósitos claramente lexicográficos: dispor dun material léxico que lle permitise desenvolver os seus comentáneos lingüísticos.

O «Coloquio» está constituído polo relato de catro nenos, empregados en Madrid, sobre a morte de Felipe V e a subida ao trono de seu sucesor, Fernando VI. Fundamentalmente, é unha mistura de referencias históricas, con notas locais da vida pontevedresa, e longas listas de obxectos e cousas diversas.

Na actualidade dispomos de 107 coplas máis —descobertas por Filgueira Valverde— que continúan o coloquio de Sarmiento, se ben hai dúbidas sobre a personalidade e, mesmo, sobre a data de composición daquelas (6).

Para acabar esta breve visión do século XVIII, lóxico é que rematemos coa lembranza dun ilustrado coruñés, Xosé Cornide e Saavedra.

Este polifacético autor incorpora-se ás letras galegas con tres composicións entre as que destaca o soneto dirixido a Fílida:

«Viche, Fílida amada, o paxariño  
que arando desos aires nas campiñas,  
descoidado se achanta polas liñas  
que cauto cazador pos no camiño?  
Viche que forza para soltar-se  
e levar a bicada ós seus paxaros,  
parte do corazón e fillos caros,  
que deixara no niño ó remontar-se?  
Pois viche a quen che adora pola vida,  
que, chantado no ichó de un imposible,  
cata aquí, cata ali se acha saída  
para fuxir, podendo ver-se libre,  
e acurruxar-se firme no teu seo  
en que chocara atento o seu desexo».

Vimos xa as escasas manifestacións poéticas que encontramos ao longo de 300 anos de historia literaria. É lícito preguntarmo-nos agora que acontece co teatro. Existe teatro galego durante estes séculos?

---

(6) Cfr. Xosé Filgueira Valverde, «O remate inédito das «coplas» galegas de Fray Martín Sarmiento», en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, núms. 87-88-89, 1974-75; tamén, J. L. Ageitos, «Sobre las coplas gallegas del P. Sarmiento: un supuesto continuador», en *Verba*, vol. 5, 1978.

Evidentemente, debemos supor a existencia dun vigoroso teatro popular do que hoxe aínda fican restos. Mais canto á literatura teatral de transmisión escrita sómente conservamos o *Entremés famoso en que se contiene la contienda que tubieron los labradores de la feligresía de Caldelas, con los portugueses sobre la pesca del río Miño* (1691).

É unha peza curta, de 433 versos, escrita por Gabriel Feixó de Araújo, autor do que nada sabemos. Esta peceña bilingüe (galego e portugués) foi composta con motivo das liortas fronteirizas a causa dos problemas que xurdían con respecto á pesca que galegos e portugueses practicaban no Miño.

Dividida en nove escenas, presenta un escaso número de personaxes nunha acción que decorre a base de monólogos e diálogos. A técnica é rudimentaria (aínda recoñecendo a capacidade do autor na variada métrica que emprega) nunha obra que, sen dúbida, foi concebida para ser representada.

As razóns da extrema miséria desta época debemos buscá-las non só nas condicións socioculturais dos séculos escuros, senón tamén, máis concretamente, na desleal competencia que o teatro castelán (fomentado polo «poder») que dispuña de medios económicos e técnicos infinitamente superiores.

Á pobreza teatral corresponde a máis absoluta miséria no campo da prosa. Citemos como prosa literaria unicamente a *Relazón da carta xecutoria*, de comezos do século XVI, que chega a nós como o único exemplo galego de «literatura de cordel». Este texto ten un claro ar xogresco ao narrar a morte de Pardo de Cela con pretensións de veracidade histórica, supondo no público un coñecemento dos feitos que son relatados dun xeito elemental e sinxelo até chegar á moralexa final.

Acabamos, finalmente, enumerando uns textos non literarios por seren as únicas mostras, coa anterior, de prosa entre o século XV e o XIX: dúas cartas do Conde de Gondomar (Diego Sarmiento de Acuña), unha de Beatriz da Serra e outra de Juan de Lanzós; un mínimo fragmento galego introducido no *Teatro crítico y moral* (1731) de Mendoza de los Ríos; e, por último, a explicación do concepto de «paralaxe» no *Onomástico* do Padre Sarmiento.

#### 4. CONCLUSIÓNS

Chegou xa o momento de tirar algunhas conclusións de todo o exposto:

1.º Observamos unha clara *ruptura* dentro da tradición literaria comezada no século XIII, que nos permite falar dun ciclo médio na literatura galega.

2.º A *escasez* de manifestación literarias no período que vai de 1500 a 1800, aínda engadindo algunha peza como o soneto de *Araucana*, da Condessa de Altamira, ou os romances de Noguerol e Camba e máis de María Francisca de Isla e Losada.

3.º A *inevitabilidade*, dadas as circunstancias socioculturais, deste proceso de decadencia. Unhas clases dominantes españolizadas —únicas capaces de xerar cultura escrita— e un hipotético público constituído pola élite cultural —desgaleguizada e ao servizo do español— avocan, necesariamente, ao silencio, que as clases populares sumidas no analfabetismo non son quen de romper.

4.º Pode-se, pois, afirmar que nos séculos escuros *non hai literatura* senón manifestacións ou textos literarios, posto que non hai unha dialéctica literatura/sociedade, dada a inexistencia de público. Lembremos o que nos di Sartre: «É o esforzo conxugado do autor e do lector o que fará aparecer este obxecto concreto e imaxinario que é a obra do espírito. Non hai arte senón por e para o outro».

5.º Por último, poden-se establecer *duas etapas* diferentes dentro do período comentado. O Século XVIII supón un cambio cualitativo, ideoloxicamente, con respecto aos precedentes. O labor reivindicativo dos ilustrados galegos proporciona unha base sobre a que de novo voltará a renacer a literatura galega no século XIX.

Se algo, segundo pensamos, debe quedar claro ao remate desta exposición é que non existiu nengunha incapacidade especial do pobo galego para desenvolver unha literatura escrita no ciclo médio. As condicións sociopolíticas e culturais non permitiron outra cousa.

Confiemos en que no futuro xamais se lle impoña á Galiza un silencio semellante.

## 5. BIBLIOGRAFIA FUNDAMENTAL

- Alonso Montero, X., *Galicia vista por los no gallegos*, Ed. Júcar, Madrid.
- Álvarez Blázquez, X. M.º, *Escolma de poesía gallega*, vol. II, Ed. Galaxia, Vigo, 1959.
- «Literatura popular galega en torno a Pardo de Cela», en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. XX.

- *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. XXVII.
- Dopico, F., *A ilustración e a sociedade galega*, Ed. Galaxia, Vigo, 1978.
- Risco, V., *Historia de Galicia*, Ed. Galaxia, Vigo, 1976.
- Rivas Troitiño, J. M., *Diego Antonio Zernadas y Castro. Un precursor del galleguismo*. Ed. Porto. Santiago de Compostela, 1977.
- Vários, *Historia de Galiza*, Ed. Alhambra, Madrid, 1980.
- *Historia de Galicia*, Frente Cultural da A. N. P. G., Pontevedra, 1979.
- Vázquez Cuesta, P., «Literatura galega», en *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*. Ed. Taurus, Madrid, 1980.